

Don Argimiro Marnotes Fernández, con DNI 76.706.854Z, na súa condición de Concelleiro en nome propio e en representación do grupo municipal do Partido Popular no Concello do Carballiño, e con domicilio no municipio a efectos de comunicación en Rúa Cánovas do Castillo 2, 1º.

EXPON:

O concello do Carballiño anunciou de novo cunha corrección de erros a contratación de un técnico titulado en Maxisterio para ó plan de educación e apoio familiar, en réxime de persoal laboral temporal con contrato de obra ou servizo determinado y con unha duración aproximada de 4 meses e máximo ata o 31 de marzo de 2016.

Este anuncio publicado na prensa e no BOP con número 264 e con fecha do 17 de novembro de 2016 establece de forma corrixida que a taxa será de 0€ en cumprimento coa ordenanza municipal reguladora vixente no concello.

Pero resulta que ó anuncio base consta de **outro erro** que vimos de detectar e que non podemos pasar por alto por dous motivos.

unha porque se entende que ó concello debería de ter persoal suficientemente cualificado para facer as cousas ben (tendo tamén en conta que os concelleiros teñen que estar ao tanto das ordenanzas e leis por as que se rexe este concello).

E outra porque ao estar mal publicado con referencia a bases e artigos erróneos podería haber reclamacións a posteriori que deixarían a convocatoria desta praza nula.

Segundo ó anuncio indicase que *“Se a instancia se presentase nun rexistro distinto do Rexistro Xeral do concello (ao abeiro do artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será obrigatorio comunicar por fax ao concello a presentación desta instancia, así como xustificación do pagamento das taxas efectuado, comunicación que deberá realizarse dentro do prazo anteriormente sinalados.)”*.

Pois resulta que estase a facer referencia ao artigo 38.4 da lei 30/1992 cando esa lei foi derogada pola a **lei 39/2015** que entrou en vigor este pasado día **2 de outubro de 2016**, a cal, xa tiñan que ter máis que estudiada pois leva **un ano redactada, e tendo tamén en conta que este procedemento foi iniciado polo concello case un mes despois de entrar dita lei en vigor.**

E NON ESTAMOS A FALAR DUNHA LEI MENOR, SENON QUE NIN MÁIS NIN MENOS TRATASE DA LEI DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS.

Dende o Partido Popular do Carballiño entendemos que o concello ten a obriga de rectificar dito anuncio xa que ó procedemento de contratación desta praza podería quedar nulo en caso de que houbera reclamacións.

E encomendámoslle aos concelleiros do Grupo de Goberno Socialista que poñan ao persoal, ao que lle encomendan as redaccións dos procedementos e anuncios do concello, ao día das leis e ordenanzas vixentes así como a eles mesmos para “unha mellor produtividade”.

Por todo isto, se **SOLICITA**::

Se publique de novo e se volva a convocar ó proceso de selección para esta praza no Boletín Oficial da Provincia, co artigo en vigor e conforme establecen as leis e ordenanzas vixentes.

Sen outro particular, agradecendo a súa atención, en O Carballiño a 15 de novembro de 2016.

Asdo.: Argimiro Marnotes Fernández.

Portavoz do Partido Popular no Concello do Carballiño.

**Á ATENCIÓN DO CONCELLEIRO DE EMPREGO, ADOLFO NOGUEIRA,
E DO SEÑOR ALCALDE DO CONCELLO, FRANCISCO FUMEGA.**